

**2/380 CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA A N-VI COA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2902 ATRAVESANDO O NÚCLEO RURAL DE GUNTÍN", OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS PARA A ANUALIDADE 2024. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2024/C002/000011.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da técnica adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 19 de agosto de 2024, conformada polo tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos na parte expositiva do cal se fai constar:

#### **"ANTECEDENTES**

- 1.- O proxecto de "Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica a N-VI coa estrada provincial LU-P-2902 atravesando o núcleo rural de Guntín" asinado polos enxeñeiros dona Irene Fernández Prieto e don José Enrique Cacicedo Herrero o 26 de febreiro de 2024.
- 2.- Os informes da análise da repercusión da contratación de referencia na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e de supervisión de proxectos asinados pola enxeñeira técnica da Unidade de Medio Rural o 2 de agosto de 2024.
- 3.- O informe de necesidade asinado pola enxeñeira técnica da Unidade de Medio Rural mais a tenente de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial o 9 de agosto de 2024.
- 4.- Acta de replanteo previo e viabilidade da obra de referencia asinada pola enxeñeira técnica da Unidade de Medio Rural o 13 de agosto de 2024.
- 5.- Mandamento contable da Tesoureira Municipal do 14 de agosto de 2024 de existencia de crédito por importe de 117.880,09 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 45910.61900 (ARC 55148), código de proxecto 24XX00037.
- 6.- Prego de cláusulas administrativas asinado pola técnica do Servizo de Contratación o 14 de agosto de 2024, e correspondente informe proposta.
- 7.- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 16 de agosto de 2024.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2291901691422040677.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-8-2024

8.- Informe de fiscalización do Servizo de Intervención do 19 de agosto de 2024, favorable á tramitación do expediente, coas seguintes observacións:

*"Cómpre lembrar que, o prazo de garantía responde da correcta execución do investimento respecto da finalidade pretendida e definida no proxecto, sendo así que se aparecen vicios ou defectos observados durante ese período que sexan imputables ao contratista, existirá a obriga de reposición ou reparación. Pero unicamente polos vicios o defectos na execución, non polo mero transcurso do tempo.*

*Tendo en conta a complexidade no seguemento do cumprimento deste criterio e a propia natureza da "garantía", as unidades xestoras responsables do contrato non deberán propoñer, aprobar nin conformar eventuais gastos futuros que podan incluírse dentro dese concepto de garantía, debendo realizar as actuacións necesarias para que se verifique o efectivo cumprimento do contido do contrato durante o todo o período, incluído o incremento do prazo de garantía se procede, e esixindo, de ser o caso, a acreditación documental que precise á entidade adxudicataria ós efectos de verificación formal do cumprimento contractual.*

*Por outra banda, na proposta asinada pola técnica do servizo de contratación de 14/08/2024 condiciónase a adxudicación "á incorporación ao expediente administrativo das autorizacións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e da Unidade de Estradas do Estado en Lugo, de xeito que, de non ser estas autorizacións favorables, ou de establecer condicionantes que impidan a execución da obra conforme ao proxecto, se podería renunciar a celebración deste contrato". Para maior garantía de coñecemento por parte dos licitadores poderíase incluír esta condición suspensiva na cláusula do PCAP correspondente á adxudicación do contrato."*

9.- Novo prego de cláusulas administrativas asinado pola técnica do Servizo de Contratación o 19 de agosto de 2024.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.
- Real decreto 337/2010, do 19 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro; o Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD).
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais, así como toda a normativa e lexislación, relativos á protección de datos, que estea vixente ou entre en vigor durante a execución do contrato.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Este contrato pode ser cualificado como un contrato de obras recollido e regulado no artigo 13 da LCSP, e que ten por obxecto a execución da obra de "Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que comunica a N-VI coa estrada provincial LU-P-2902 atravesando o núcleo rural de Guntín" consonte ao proxecto técnico suscrito polos enxeñeiros dona Irene Fernández Prieto e don José Enrique Cacicedo Herrero o 26 de febreiro de 2024.

**Segunda.-** O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto simplificado e tramitación ordinaria**, de acordo co previsto nos artigos 131, 156 e 159 e seguintes da LCSP, ao ser o seu valor estimado inferior a 2.000.000 euros.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e

proporcionalidade esixidos pola Lei, e son **todos criterios avaliábles automaticamente.**

O prego de cláusulas administrativas elaborado polo Servizo de Contratación recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable.

En relación coa composición da Mesa de Contratación para esta contratación, a LCSP regúlala no artigo 326 e na súa disposición adicional 2ª. Ambas as disposicións establecen que as mesas de contratación están constituídas por un presidente, polos vogais que se determinen regulamentariamente e por un secretario. En relación cos postos de presidente e secretario, as ditas normas sinalan:

#### ARTIGO 326. MESAS DE CONTRATACIÓN.

*“5. O secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, na súa falta, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre quen teña atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor ou, na falta destes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario.*

*(...)*

*En ningún caso poderán formar parte das mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas os cargos públicos representativos nin o persoal eventual. Poderá formar parte da mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.”*

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. COMPETENCIAS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN NAS ENTIDADES LOCAIS

*“7. A mesa de contratación estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario desta e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, de ser o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico e o interventor ou, de ser o caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de control a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos dela, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, de ser o caso, formen parte da mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros dela. Actuará como secretario un funcionario da corporación.*

*(...)*

*En ningún caso poderá formar parte das mesas de contratación, nin emitir informes de valoración das ofertas, o persoal eventual. Poderá formar parte da mesa o persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.”*

Por outra banda, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público sinala no seu artigo 21.3 “O Secretario deberá ser un funcionario que preste os seus servizos no órgano de contratación. Cando non sexa posible designar un funcionario, farase a designación entre os de outro tipo de persoal que dependan do órgano de contratación.”

Neste momento, o Servizo de Contratación e Patrimonio conta cunha única funcionaria de carreira - técnica de administración xeral - que, ante a ausencia da xefatura de servizo (vacante), asume habitualmente a presidencia das mesas de contratación. Este servizo conta tamén cun xefe de sección de Patrimonio (técnico medio) e o resto de traballadores (funcionarios e persoal laboral fixo) son persoal administrativo e auxiliar. Recentemente incorporouse unha funcionaria interina para o posto vacante de técnica de administración xeral no Servizo de Contratación e Patrimonio.

Dado que a Lei establece que unicamente poderán formar parte da Mesa os funcionarios interinos cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente, enténdese que as funcións de secretario - pola especialidade da materia e funcións específicas que ten a Mesa de Contratación - debería asumirse de modo habitual por un técnico de administración xeral do Servizo de Contratación; polo que - ante a ausencia de funcionario de carreira suficientemente capacitado - se considera xustificada a designación da funcionaria interina do Servizo de Contratación como secretaria da Mesa de Contratación.

**Terceira.-** O prego de cláusulas administrativas contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto na Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, agás os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida, sendo as súas características principais:

**PRAZO DE EXECUCIÓN.-**

Esta obra executarase con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ao proxecto técnico aprobado polo Concello e terá un prazo máximo de execución de **TRES (3) MESES**, contados dende o día seguinte ao de sinatura da acta de comprobación do replanteo.

**ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN. VALOR ESTIMADO.-**

De conformidade co artigo 100 da LCSP o **orzamento base de licitación**, ascende a:

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2291901691422040677.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-8-2024

Orzamento sen IVE: 97.421,56 euros.  
IVE (21%): 20.458,53 euros.  
Orzamento base de licitación: 117.880,09 euros, IVE incluído.

O **valor estimado** do contrato ascende a 97.421,56 euros, IVE excluído.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

#### - Menor prezo ofertado: ata 8 puntos.

Obterá a máxima puntuación a proposición da empresa que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prezo de licitación - 97.421,56 euros-, e as restantes valoraranse de xeito directamente proporcional.

#### - Ampliación do prazo de garantía a maiores do mínimo de 12 meses e ata un máximo de 48 meses a maiores: ata 2 puntos.

Obterá a máxima puntuación a proposición da empresa que oferte o maior incremento do prazo de garantía a maiores do mínimo de 12 meses e ata un máximo de 48 meses. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten incremento ningún, e as restantes valoraranse de xeito directamente proporcional.

### RESPONSABLE DO CONTRATO.-

Dirección facultativa/Responsable do contrato: Dado que se trata dun contrato de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo conforme ao disposto nos artigos 237 ao 246 da LCSP.

A unidade encargada do seguimento e execución do contrato será a correspondente aos códigos FACE indicados na cláusula deste prego relativa ao PAGAMENTO.

### PAGAMENTO.-

Mediante facturas mensuais unha vez presentadas as correspondentes certificacións polo director facultativo do contrato, e conformadas polo responsable do contrato así como pola concelleira delegada da área correspondente.

Oficina contable: L01270288 Concello de Lugo.

Órgano xestor: LA0005486 Medio Rural.

Unidade tramitadora: LA0005552 Zona Rural.

**Cuarta.-** Consta no expediente o informe de necesidade asinado o 9 de agosto de 2024 pola enxeñeira técnica da Unidade de Medio Rural mais a tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial, no que se sinala que esta obra precisa da autorización da Excm. Deputación Provincial de Lugo (Vías e Obras) pola actuación na zona de afección da estrada LU-P-2902, que se atopa pendente de recibir, e da Unidade de Estradas do Estado en Lugo (Demarcación de Estradas do Estado en Galicia) pola actuación na zona de afección da estrada N-VI, que tamén se atopa pendente de recibir. Os condicionantes impostos polas devanditas autorizacións teranse en conta na execución da obra.

En consecuencia, a **adxudicación deste contrato debe quedar condicionada á incorporación ao expediente administrativo das correspondentes autorizacións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e da Unidade de Estradas do Estado en Lugo**, de xeito que, de non ser estas autorizacións favorables ou de establecer condicionantes que impidan a execución da obra conforme ao proxecto, se podería renunciar á celebración deste contrato.

Non obstante, considérase conveniente iniciar a tramitación do expediente de contratación e condicionar a adxudicación á obtención das referidas autorizacións xa que deste modo axilízanse os trámites, permitindo -de ser favorables- o cumprimento dos prazos establecidos na convocatoria no Plan provincial único de cooperación aos concellos para a anualidade 2024.

**Quinta.-** En canto ao órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL QUE COMUNICA A N-VI COA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2902 ATRAVESANDO O NÚCLEO RURAL DE GUNTÍN".**

**SEGUNDO.-** Aprobar o proxecto técnico da obra de referencia subscrito polos enxeñeiros dona Irene Fernández Prieto e don José Enrique Cacicedo Herrero o 26 de febreiro de 2024, así como o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica do Servizo de Contratación o 19 de agosto de 2024, e que se recollen en documentos á parte.

**TERCEIRO.-** Aprobar un gasto de 117.880,09 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 45910.61900 (ARC 55148), código de proxecto 24XX00037.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2291901691422040677.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-8-2024

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por **procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria**, previsto e regulado polo artigo 159 da LCSP, condicionado á incorporación ao expediente administrativo das autorizacións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e da Unidade de Estradas do Estado en Lugo, de xeito que, de non ser estas autorizacións favorables, ou de establecer condicionantes que impidan a execución da obra conforme ao proxecto, se podería renunciar á celebración deste contrato.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Lugo aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares, o proxecto de obra e demais documentos.

O que se lles comunica aos interesados con indicación de que contra o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas administrativas, de prescricións técnicas, o proxecto de obra e demais documentos contractuais poderán interpoñer os seguintes recursos.

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.